



Sección de Literatura

No tempo das Irmandades: fala, escrita e prelos



REAL ACADEMIA GALEGA

Irmandades da Fala: acción pública e novos obxectos

Margarita Ledo Adión
Real Academia Galega
Universidade de Santiago de Compostela

Resumo: Pensar o xornalismo en lingua galega como dereito e como parte da nosa identidade comunal é un dos sinais daquela xeración que ousou levar á práctica un novo modelo de publicación, *A Nosa Terra* como exemplo maior, facendo unha fórmula contemporánea, con escasos recursos e grande vocación pública so o idearium galeguista e un programa político nacional.

Palabras chave: Prensa e Nación, Xornalismo comprometido, Medios en lingua galega. Modelos de Publicación.

Abstract: Thinking journalism in Galician language as a common right as well as part of our identity is, perhaps, the main brand of IF Generation who dared to put into practice a new model of publication, by the way *A Nosa Terra*, making a contemporary formula, with scarce resources and a strong Public vocation, under the nationalist idearium and a Galician political program.

Key words: Press and Nation, Committed Journalism. Midia in Galician language. Models of Publication.

En 1916, cunha xinea "metida a xornalista" e coa prensa das Irmandades, cuxo signo inalienábel é a Fala, Galicia entra no século XX incorporando os medios de comunicación ao seu programa transformador e no ronsel que se fora configurando dende que, en *El Porvenir*, aparece o lema "Todo para Galicia" e se labra un código que distinguimos no anti-localismo e o combate aos estereotipos, a intención didáctica [eís as "Escolas do Insiño Galego"], no vencello opinión-acción canda o coñecemento da realidade [eís o SEG como exemplo], dunha Galicia na que entra a diáspora [IF na Arxentina] e a posta en común desa proposta de coñecemento a través da acción, da articulación de novos obxectos, para o caso, publicacións periódicas modernas, que se manifestan en elementos novidosos como a caricatura á par do interese en identificar de seu unha profesión, a de xornalista que trae canda si unha de serie normas que a comprometen co ben común.

Porén, e porque pensadas como uns instrumento mediador para o desenvolvemento da conciencia de nación, o papel destas publicacións vai máis aló de seren un simple soporte de novas e opinión, para funcionar como un recurso substantivo de cara ao empoderamento desa "Galicia enteira" que tiña na Fala a súa grande construción comunal. Mais no común da sociedade de comunicación de masas, a publicación de carácter periódico precisa de empresas, urbes, cidadáns e cidadás alfabetizadas –en castelán, a quen se dirixían *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Orzán*, *El Noroeste* pero tamén *La Zarpa*, *Galicia*, *El Pueblo Gallego*...–, a prensa das IF precisa de persoas dipostas a se alfabetizar en galego, a través, precisamente, doutro tipo de medios e como toma de posición. Cómpre, xa que logo, formar o lector, a lectora modelo con novas cabeceiras que usen, exclusivamente, a lingua galega.

Vocación contemporánea

As Irmandades da Fala, o suxeito que nos convoca nesta sesión, é unha singularidade tecida con persoas que non arredan a axitación á volta dun idearium da súa materialización en cousos diferentes, entre os cales novas cabeceiras que se nomean *A Nosa Terra*, *A Roladas* ou *Nós*. Se estas revistas, observadas como prototipo "de grupo", poden aínda deixar ver certos sinais oitocentistas, ao seren ideadas en contradición cos modelos dominantes, ten todos os elementos necesarios para evoluír, admitir variacións e construír un discurso xornalístico que vai servir, en adiante, como referente profesional e como voz crítica, unha liña editorial que se compromete, en presente, con todo o que acontece, dos sucesos agrarios ás reivindicacións políticas. Abondaría coa análise do texto con que Vitoriano Taibo informa do, así chamado, Primeiro Congreso Periodístico Galego, celebrado en Compostela, co acento na ausencia dos verdadeiros xornalistas galegos que cualifica de xusticeiros e patrióticos e que personaliza nos "redactores dos semanarios, quincenarios e mensuarios agraristas e galeguistas".

Porque pensaron e entenderon os medios de comunicación como parte do dereito a outra información, a outra opinión, á conexión que iguala, fixeron da partilla de mensaxes un ritual liberador e dos xornais unha ferramenta de organización pública, cuxo produto máis acabado e o que podemos ler como Modelo será, precisamente, *A Nosa Terra* que comeza a súa andaina o 14 de novembro de 1916 e que, para alén de acompañar toda a vida cívica das Irmandades da Fala, a partir do 15 de abril de 1932 pasa a ser, até o golpe de estado do 1936, o periódico-voceiro do Partido Galeguista.

A lingua como práctica

Regresando á etapa das Irmandades da Fala de *A Nosa Terra*, e denantes entrarmos na caracterización forma-contido do seu proxecto, é preciso termos sempre in mente a lingua como parte da súa imaxe pública e como activo tanto da función articuladora do nacionalismo que se lle apón á publicación, como do aprofundamento da crítica e mais o debate que afortalarían a construción dunha nova cidadanía.

Se comezamos pola audiencia-tipo, e sen deixar de anotar ese milleiro de subscricións que son a audiencia-real e que está constituída maiormente de ensinantes, *A Nosa Terra* quérese dirixir a certa burguesía togada de médicos, avogados, notarios, farmacéuticos quen, a carón dos devanditos ensinantes, son un elemento de mediación e de atracción cara a públicos máis afastados, nos que inclúen o sector industrial e comercial, secomasí a cregos e sociedades de recreo e cultura que representarían o abano social da Galicia popular. E como marca de auto-representación, fronte a redución a parodia que publica *El Progreso*, ao dar razón daquel primeiro mitin das Irmandades da Fala no Lugo-Salón, na resposta sarcástica do redactor de *A Nosa Terra* atopamos un senfín de indicadores-reclamo neste curto parágrafo:

> (...) "los de la fala" -¡que pouco senso da eufonía, que cativo gusto!- son a sesta parte da poboación galega, toda a Galicia traballadora e viva para o caso... "los de la fala" somos tódolos traballadores galegos, somos nós os hirmáns das primeiras cidades da terra na xuntanza distes "cativos" que se chaman Sanz, André, Fernández Florez, Cabanillas, Porteiro, Cabeza de León, Xil Casares (...)

Nos contidos xerais, as rúbricas e seccións de *A Nosa Terra* poñen en valor temas políticos, manifestacións ideolóxicas ou de pensamento e aspectos educacionais e culturais, seguidos das cuestións económicas e sociais que reflicten actuacións e desafeccións dun sistema que consideran contrario aos intereses e á posibilidade de modernización da nación. A esixencia de medidas a prol do ferrocarril e dunha rede de infraestruturas de transporte ou a crítica ás políticas tributarias son motivos nodais á par da batalla anti-corrupción que expanden ao "caciquismo parlamentar", aos partidos aquendados, e que atravesan espazos informativos, de opinión, editoriais ou formativos.

A escolma temática e as modalidades comunicativas son un entrenzado creativo, con múltiplos rexistros expresivos, que alongan a súa presenza en xéneros como a entrevista, a crónica o comentario ou pezas-reclamo e de persuasión, mentres a actividade orgánica sitúase ora en sección fixas como *Novas da Causa*, ora en información

sobre intervencións e actos públicos, ora en feitos con valor simbólico, tal a morte en folga de fame do alcalde nacionalista de Cork, (Ireland), Mac Swiney ou o enterro do Patriarca, don Manuel Murguía.

Libro de estilo e lei de proximidade

Curtos, sinxelos, substanciosos deben ser a regra para os textos que unha estrutura clara da páxina reforza en credibilidade e lexibilidade. Ilustración, viñeta, caricatura, foto son eses elementos que terman do "ar dos tempos" e fan de reclamo canda os autores-innovadores que respostan por Castelao, Cebreiro, Camilo Díaz Baliño. Espazos de crítica e denuncia como *Peneirando* e *En poucas verbas* serven de exemplo, secomasí o *Cadro Branco/Cadro Mouro,* dunha selecta escolma editorial do mellor e o peor que entre cada edición tiña acontecido para a nación. E para alén das rúbricas de contido orgánico, ese eco rosaliano na sección de cultural, *Follas Novas* ou as entregas seriadas de divulgación e formación, que enuncian a Síntese Xeográfica de Galicia da man de Otero Pedrayo, ao tempo que denuncian a falta de institucións educativas axeitadas e as dificultades de aprendizaxe e naturalización do idioma, coa publicación de normas ortográficas.

A maior abondamento, *A Nosa Terra* trae para a cultura galega Rimbaud, Tagora, Ibsen, Gorki... mostrando a capacidade da lingua para a grande literatura. Mención especial merece a súa rúbrica de Internacional, voltada para as nacións sen estado e para as reivindicacións anti-coloniais.

Atinou, *A Nosa Terra,* na definición dun modelo novo, so o idearium galeguista e dun programa político nacional, facendo unha fórmula contemporánea, con escasos recursos e grande vocación pública, e deixando que nela entraran combinatorias hipertácticas que, ao abeiro do xornalismo interpretativo, sempre acertou a argumentar. Eís a unidade cultural-lingüística para Galicia e Portugal.

A identidade de *A Nosa Terra* como produto mediático, –escribiamos a fins dos anos oitenta do século XX[1]– como medio de comunicación política, orgánica, de pensamento, de avaliación dos feitos, reflíctese na independencia de cualificación dos

1 Ledo Andión, Margarita (1991): "O pre-existente como Modelo", na introdución á edición facsimilar do periódico *A Nosa Terra*. Vigo-Galicia. Nova Galiza Edicións.

sucesos que entenden son fulcrais no proceso histórico e por iso terma dos sinais da boa prensa, que crea opinión, que persuade, que quere seducir coa novidade dos seus suxeitos informativos, co tratamento galeguizador para cada nova como operadora das relación sociais de comunicación que lle dan existencia a unha nación que teima en se facer recoñecer como tal.

Realización maior daquela xeración que dá o paso á acción pública tamén co xornalismo en lingua galega, esta etapa de *A Nosa Terra* vai ser rematada con bala real no corpo do seu derradeiro director, Víctor Casas, e en cada corpo asasinado, exiliado e perseguido polos fascistas que derrotan a legalidade democrática na guerra de 1936-1939. A última carta de Víctor Casas a Gómez Roman, dende o cárcere de Pontevedra segue a petar, arestora, nas conciencias:

> Pídolle a vostede e a todos que no intre do trunfo da liquidación do sucedido (do movemento criminal) non esquezan os culpábeis. Confío en que seguirán traballando pola terra encamiñándoa xa polos vieiros da súa liberación definitiva.

Seguir a pensar o xornalismo en lingua galega como dereito e como parte da nosa identidade comunal segue a ser parte do noso compromiso e lealdade coa xeración de mulleres e homes das Irmandades que por tanto tempo un senfín de veos ocultou.